



XXVI ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Vivir e perdurar na nosa lingua

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
15 de outubro de 2024



“Aquí están os nosos ósos esperando polos vosos”, di o epitafio gravado en pedra na lápida que cobre unha sepultura do cemiterio de Sofán, en Carballo; esa é tamén a advertencia que figura na entrada do camposanto de Trobo, en Begonte. Máis ca polo fondo –a evidencia de que somos mortais–, o enunciado é rechamante pola forma: amosa a reversión do cambio de idioma imposto e feito costume nas comunicacións relacionadas coa morte. Durante cinco séculos, entre o final da Idade Media e o comezo do XXI, os cemiterios dos territorios de cultura galega foron campos vedados para a expresión escrita da lingua común ás persoas defuntas e ás súas familias. Nin rastro de certas palabras, feitas tabú nese contexto: nin “fillos”, nin “netos”, nin “xenros”, nin “noras”...

Mais esta situación anómala está a mudar. Se antes do ano 2000 era difícil visualizar palabras galegas na fitas de ramos ou coroas, nas mensaxes de pésame, nas necrolóxicas ou nas campas, nos últimos anos a estabilidade lingüística vai gañando terreo. De ser raro localizar un camposanto en que houbera un epitafio confirmando o rumbo certo cara ás mil primaveras máis, pasouse a seren excepcionais os lugares en que aínda non deu entrada, mesmo que sexa en pequenas doses, o galego escrito.

Como xa vén sendo tradición, o Consello da Cultura Galega convoca no outono os Encontros para a Normalización Lingüística como un espazo de diálogo, información, reflexión e proposición. Facémolo baixo o lema *Vivir e perdurar na nosa lingua* e, á vista de que o cambio social está acompañado dunha mudanza cultural significativa, promovemos o diálogo entre diferentes axentes sociais. Convidamos a reflexionar sobre a importancia da lingua escollida para os actos funerarios, coa presentación dunha visión panorámica das porcentaxes de uso neste primeiro cuarto do século XXI. Na primeira das mesas pretendemos mostrar como son os rituais funerarios nas cerimoniais civís e nas habituais das confesións relixiosas maioritarias. No comezo da tarde, reuniremos diversos axentes que prestan servizos funerarios que mostrarán de que recursos dispoñen as empresas para atenderen a demanda de servizos en galego. O programa de relatorios finaliza cunha mesa de traballo na que se exporán iniciativas dinamizadoras presentadas por entidades públicas e privadas.

Despois das exposicións, a xornada remata cun relatorio de campo: en camiñada polas culturas da morte no escenario urbano compostelán, conducidos por Manuel Gago.

Programa

9:45 horas
Inauguración

10:00 horas
RELATORIOS

- **Vitorino Pérez Prieto e Manuel Regal Ledo**

Reflexión sobre a significación da lingua escollida para os actos funerarios: seguir presente ou desaparecer.

- **David Canto Veiga**

Panorámica do uso da lingua nos rituais funerarios. Porcentaxes xerais e identificación dos lugares de referencia positiva.

Coordina e modera: **Anxos Sobriño**

11:45 horas
Debate conxunto

12:00 horas
Pausa

12:30 horas
Mesa coloquio: PERSPECTIVAS COMUNITARIAS

Presenza do galego nos actos funerarios das confesións relixiosas maioritarias. Necesidades, proxectos e propostas.

- Arquidiocese de Santiago de Compostela
- Unión de Comunidades Islámicas de Galicia
- Consello Evanxélico de Galicia

Coordina e modera: **Bernardo Penabade**

14:00 horas
Peche da sesión da mañá

16:00 horas
Mesa coloquio: OS SERVIZOS FUNERARIOS

Análise da demanda dos servizos en galego, dos recursos das empresas para atendela e incidencia das iniciativas normalizadoras do sector.

- **Jorge Balado Blanco.** Asociación Galega de Servizos Funerarios
- **Manel Pardo.** Lindeiros
- **Ana Fabeiro.** Ana Fabeiro Arte Floral
- **Rocío Vázquez.** Luz Verde Eventos

Coordina e modera: **Mónica Fernández**

17:30 horas
Pausa

18:00 horas
Mesa de traballo: DIVULGACIÓN E IMPULSO

Presentación de intervencións e recursos dinamizadores deseñados para o ámbito dos actos funerarios.

- **Yoani Jartín Salgado.** Visitas patrimoniais aos cemiterios de Meira
- **Manuel Campos Sanmartín.** Día da Restauración da Memoria Lingüística
- **Marta Besada.** Galeg@ para sempre

Coordina e modera: **Ana Iglesias**

19:30 horas
Clausura

- Peche:
As mil caras da morte compostelá
Visita comentada pola Cidade Vella
Manuel Gago

Organiza

Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (CCG)
Consello da Cultura Galega

Colabora

Secretaría Xeral da Lingua

Coordinación

Rosario Álvarez
David Cobas Medín
Mónica Fernández Valencia
Ana Iglesias Álvarez
Manuel Maseda Deán
Susana Mayo Redondo
Bernardo Penabade Rei
Bieito Silva Valdivia
Anxos Sobriño Pérez
Marta Souto González
Xaime Varela Sieiro

Lugar

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202

Inscrición

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:



Colabora

